

**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS  
PARTICULARES**

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación**

O obxecto do contrato é a realización dos servizos de Axuda no fogar na parte que non se poida cubrir co persoal municipal  
O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

**CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación**

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, tramitación ordinaria, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP.  
Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150 do TRLCSP e co establecido na cláusula novena do presente Prego.

**CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante e anuncio**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: [concellodevedra.com](http://concellodevedra.com).  
O anuncio de licitación, adxudicación e formalización do contrato, publicarase tamén no Boletín Oficial da Provincia

**CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato**

**CONCELLO DE VEDRA**  
**DILIXENCIA**  
Este documento foi aprobado por.....  
XUNTA DE GOBERNO  
con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 17/04/2016  
O Secretario

**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Prezos máximos:

14,00 euros + IVE (De luns a venres de 7:00 as 22:00 horas e os sábados de 07:00 a 14:00 horas)

17,00 euros + IVE (Os sábados de 14:00 a 22:00 horas e os domingos e festivos de 07:00 a 22:00 horas. E as horas nocturnas de 22:01 a 06:59 horas)

Importe do contrato:

a) Dependencia:

5.658 horas ordinarias \* 14 euros/hora + IVE (4%) = 82.380,48 euros

456 horas festivas \* 17 euros/hora + IVE (4%) = 8.062,08 Euros

b) Libre concorrência:

1.332 horas a 14,00 euros/hora + IVE (10%) = 20.512,80 Euros

c) Traballadora social (10 horas /semanais), 6 meses: 6.507,53 euros

d) Substitución 5 auxiliares do concello, 1 mes (mínimo):

7,5 horas\* 21 días: 157,5 horas/mes \* 1 mes=157,5 horas \* 5 auxiliares =787,5 horas;

787,5 horas \* 14,44 euros/hora (coste medio L.C + D) = 11.371,50 Euros

Total: 128.834,39 euros

O importe abonarase con cargo á partida 231-227 do vixente Orzamento Municipal, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello.

**CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato**

A duración do contrato de servizos será de seis meses.

**CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar que establece o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Así mesmo as empresas



CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por \_\_\_\_\_  
XUNTA DE GOBERNO

con carácter \_\_\_\_\_  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario



CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por \_\_\_\_\_

con carácter \_\_\_\_\_  
o día \_\_\_\_\_  
Vedra \_\_\_\_\_  
O Secretario



licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, na área de comunidade

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, poderá realizarse:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

**CONCELLO DE VEDRA**  
**DILIXENCIA**  
Este documento foi aprobado por.....  
XUNTA DE GOBERNO  
con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**3.1 A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes (Artigo 75 do TRLCSP):

\*Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrao, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación e nos pregos do contrato, ou no seu defecto o establecido regulamentariamente

\*Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación das contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, o establecido regulamentariamente

**3.2. A solvencia técnica ou profesional** dos empresarios, deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios (artigo 78 a) b) c)e) do TRLCSP)

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie



**CONCELLO DE VEDRA**  
**DILIXENCIA**  
Este documento foi aprobado por.....  
**XUNTA DE GOBERNO**  
con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

acordo de dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución del contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista**

En base ás consideracións e ás conclusións recollidas no Informe 51/09, do 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de contratación administrativa, non se esixe clasificación e RD 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AAPP, aprobado por RD 1098/2001, do 12 de outubro

#### **CLÁUSULA OITAVA.- Presentación de proposicións e documentación**

As ofertas presentaranse no Concello, Avd. M. M. Gómez Lorenzo, 1-15885 VEDRA, en horario de atención ao público, dentro do prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de contratante.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no

**CONCELLO DE VEDRA**  
**DILIXENCIA**  
Este documento foi aprobado por.....  
**XUNTA DE GOBERNO**  
con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en TRES SOBRES, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR na parte que non se poida cubrir co persoal municipal». A denominación dos sobres é a seguinte:


- **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**
- **Sobre «B»: Proposición Económica e documentación cuantificable de forma automática**
- **Sobre «C»: Documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor**



**CONCELLO DE VEDRA**  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por.....  
**XUNTA DE GOBERNO**.....

con carácter.....**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,**  
o día.....**11/04/2016**.....**OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,**  
Vedra.....**12/04/2016**.....**VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**  
O Secretario



Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

### **SOBRE «A»**

### **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

#### **a)Declaración responsable do licitador**

De acordo co establecido no artigo 146 do TRLCSP este sobre conterá unha DECLARACIÓN RESPONSABLE , subscrita polo licitador ou o seu representante , no que recoñeza baixo a súa responsabilidade que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar na licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público, conforme ao seguinte modelo:

#### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D. \_\_\_\_\_ con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ , con NIF nº \_\_\_\_\_ en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con NIF nº \_\_\_\_\_ a efectos da súa participación na licitación \_\_\_\_\_, ante \_\_\_\_\_

#### **DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

**PRIMEIRO.-** Que se dispón a participar na contratación do servizo de \_\_\_\_\_

**SEGUNDO.-** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente en \_\_\_\_\_



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

\_\_\_\_\_, en concreto

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do TELCSP e atópase ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é -----  
-----

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso

E para que conste, a sino a presente declaración

En Vedra, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_-de 2016

Sinatura do declarante

Asdo. ....

**B) Resgardo acreditativo de constituír a garabntía provisional por importe de 2.000 euros**

**SOBRE B.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA**



CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por  
XUNTA DE GOBERNO

con carácter  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016

O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**A)Proposición económica**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

D. \_\_\_\_\_ con domicilio para os efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, con NIF  
\_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_ con  
NIF \_\_\_\_\_ -- informado do expediente para a  
contratación do servizo de \_\_\_\_\_ por procedemento  
aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de  
adxudicación, anunciado no Boletín Oficial da Provincia num. \_\_\_\_\_ do  
\_\_\_\_\_ e no Perfil do Contratante, fago constar que coñece o pergo que serve  
de base para o contrato e que acepto integramente, que participo na licitación e  
que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato por importe de  
\_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ - euros correspondentes ao  
Imposto sobre o Valor Engadido.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Sinatura do licitador

Asdo. \_\_\_\_\_.

**b)Os documentos reativos ao criterios de valoración, distintos do prezo,  
que se deban cuantificar de forma automática**

**SOBRE C- DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVES DE XUÍZOS DE VALOR**

Incluirá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que  
dependan dun xuízo de valor

CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por.....  
XUNTA DE GOBERNOS

con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016

O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional**

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de 2.000 euros , que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a súa adxudicación ata que porceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, neste caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

**CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 15 do prego de condicións técnicas do SAF.

**CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Regras especiais respecto do persoal  
laboral da empresa adxudicataria**

O contratista está obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e hixiene no traballo e a subrogarse na contratación do persoal incluído no ANEXO I do presente prego, no que constan as condicións dos traballadores, e con aplicación do convenio colectivo en vigor. Os licitadores





**CONTRATO DE SERVICIOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

deberán ter en conta as condicións laborais dos empregados para elaborar as súas ofertas

**CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.- Mesa de Contratación**

Formarán parte da Mesa de Contratación os membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra , publicada no BOP e no Perfil do Contratante

**CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 211 do TRLCSP.

**CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións**

A Mesa de Contratación constituirase o cuarto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12:00 horas e procederá á apertura dos Sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións corrixibles observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura dos sobres «C» que conteñen os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor

Logo da lectura de ditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Unha vez reunida de novo a Mesa de Contratación, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dun xuízo de valor, e procederase de despois á apertura dos sobres "B"

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (sobre C) e dos criterios cuxa ponderación é automática (sobre B), A Mesa de Contratación propoñerá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as ofertas presentadas, e requirirá ao licitador que houbese presentado a oferta máis vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ó que recibise o requerimento presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos aos que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP, así como de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ó artigo 64.2 do TRLCSP e de ter constituído a garantía definitiva.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado enténdese que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, por orde en que queden clasificadas as ofertas presentadas

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, e deberá ser motivada e notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarse no Perfil do Contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión da adxudicación

**CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva**

A garantía definitiva será do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto



**CONCELLO DE VEDRA**  
**DILIXENCIA**  
Este documento foi aprobado por.....  
**XUNTA DE GOBERNADORES**  
con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario

**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do TRLCSP.

**CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Formalización do Contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data de notificación da adxudicación; este documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e Obrigacións do  
Adxudicatario**

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo (artigo 64.2 do TRLCSP).
- Gastos esixibles ao contratista. Son pola conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 277 do TRLCSP.

**CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de Prezos**

O prezo deste contrato non poderá ser obxecto de revisión.

**CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA: Execución do Contrato**


O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións Técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.



CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por.....  
XUNTO DE GOBERNO

con carácter.....  
o día 11/04/2016  
Vedra 12/04/2016  
O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**CLÁUSULA VIXÉSIMA. Modificación do Contrato**

A Administración poderá modificar o contrato por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

AAs modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Facturas e pagamentos**

O importe será satisfeito ao adxudicatario , por meses vencidos, con cargo aos créditos previstos no orzamento municipal, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente traballadas, coa conformidade do técnico de Servizos Sociais e fiscalización de Intervención

Na factura incluírase , ademais dos datos e requisitos establecidos no real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada disposición adional trixésimo terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

- a) Oficina Contable: Ayuntamiento de Vedra (código DIR3: L01150891)
- B) Órgano Xestor: Ayuntamiento de Vedra (código DIR3: L01150891)
- g) Unidade Tramitadora: Ayuntamiento de Vedra (Código DIR3: L01150891)

**CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA. Penalidades por Incumplimento**

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades de acordo co previsto no artigo 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao meso, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato<sup>1</sup>, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, impoñeranse penalidades de ata o 10% do orzamento do contrato.

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.- Resolución do Contrato**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do TRLCSP; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime Xurídico do Contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o TRLCSP, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector



CONCELLO DE VEDRA  
DILIXENCIA

Este documento foi aprobado por.....  
XUNTA DE GOBERNO.....  
con carácter.....  
o día 11/04/2016.....  
Vedra 11/04/2016.....  
O Secretario



**CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDEMENTO ABERTO,  
OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,  
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña á Lei 30/2007 e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Vedra, 11 de abril de 2016

Asdo. : Carlos Martínez Carrillo



